

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE COLUMBARIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL.

EXPTE TEDEC: 2024/X999/000548

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de 12 de setembro de 2013 (res 714/13), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos columbarios do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía de 9 de novembro de 2012, quedaron libres os columbarios que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 16 de novembro de 2012 (res 828/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VI do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que D. Germán Fernández Prieto presentou en data 28 de agosto de 2024 (rex. entrada nº 3728), a correspondente solicitude de 2 columbarios no cemiterio municipal.

Considerando que a solicitude presentada, xunto coa documentación que a acompaña, atópase correcta, procede realizar a proposta de adxudicación a favor do interesado, de conformidade co previsto na cláusula 19 do prego de condicións.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente, por medio da presente **PROPONSE** como **adxudicatario de dous (2) columbarios do cemiterio municipal a D. Germán Fernández Prieto**, de acordo co solicitado con data de 28 de agosto de 2024 (rex. entrada nº 3728), **ascendendo a tarifa a abonar a 900,00 €.**

O aboamento das tarifas e a presentación no Rexistro xeral do Concello do xustificante correspondente, deberá ter lugar no prazo **de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da notificación da presente** proposta.



No caso de que a persoa interesada non realice o citado abono (ou non presente o xustificante) segundo o indicado, non se poderá efectuar a adxudicación ao seu favor.

O aboamento da tarifa realizarase na conta que o concello ten en ABANCA (ES1920800318193110000099).

No xustificante de aboamento deberá facerse constar o concepto polo que se paga ("CONCESIÓN DE COLUMBARIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE TEO") e o nome e apelidos da persoa proposta como adxudicataria.

A presente proposta deberá ser obxecto de publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Teo, na data da sinatura dixital

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz